

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos. Sección de Planificación de Recursos Humanos

Bases xerais e específicas correspondentes á oferta de emprego público agrupada dos anos 2016, 2017 e 2018

ANUNCIO

BASES XERAIS E ESPECÍFICAS CORRESPONDENTES Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO AGRUPADA DOS ANOS 2016, 2017 E 2018

A Xunta de Goberno en sesión ordinaria do 8 de febreiro de 2019, adoptou entre outros o seguinte acordo:

I.-BASES XERAIS REGULADORAS DOS PROCESOS SELECTIVOS CORRESPONDENTES Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO AGRUPADA DOS ANOS 2016 2017 E 2018

1.- OBXECTO E ASPECTOS XERAIS

As presentes bases xerais teñen por obxecto regular os procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial da Coruña, para realizar de xeito agrupado a oferta de emprego público dos anos 2016, 2017 e 2018 (DOG nº 227 do 28 de novembro de 2016, DOG nº 47 do 7 de marzo de 2018 e DOG nº 1 de 2 de xaneiro de 2019)

Sen prexuízo da aplicación xeral das presentes bases, os requisitos específicos e o resto das normas particulares rexeranse polas bases específicas, reguladoras de cada unha das convocatorias.

O sistema selectivo é o concurso-oposición.

2.- LEXISLACIÓN APLICABLE:

As probas selectivas regularanse por estas bases e para o non previsto nelas, polo disposto na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación; Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa; Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local; Real Decreto 781/1986 de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 2/2015 de 29 de abril do Emprego Público de Galicia; Real decreto 84/2018 polo que se modifica o Real Decreto 276/2007, do 23 de febreiro, que aproba o Regulamento de ingreso, accesos e adquisición doutras especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e se regula o réxime transitorio a que se refire a disposición transitoria décimo sétima da citada lei; Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social; Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, e demais disposicións de aplicación xeral, así como o disposto nesta convocatoria.

3.-REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES:

Para participar nas probas selectivas, as persoas aspirantes deberán cumprir no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da toma de posesión como funcionarios os requisitos que se indican deseguido:

a) Ter nacionalidade española ou ter a nacionalidade doutro Estado membro da Unión Europea ou de calquera outro dos Estados aos cales, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores e traballadoras.

Tamén poderán participar as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.

Tamén poderán participar as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.

Así mesmo, poderán participar as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado/a de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.

b) Ter feitos os dezaseis anos e non ter alcanzado a idade establecida, con carácter xeral, para a xubilación forzosa.

c) Estar en posesión das titulacións que para cada praza se establecen nas bases específicas. No caso de que as ditas titulacións se obtivesen no estranxeiro, deberá terse concedida a correspondente credencial de homologación, segundo o Real decreto 967/2014, do 21 de novembro (BOE do 22 de novembro), e o Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español a Directiva 2005/36/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro, e a Directiva 2006/100/CE do Consello, do 20 de novembro, relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais, así como a determinados aspectos da profesión de avogado (BOE do 20 de novembro).

d) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das funcións correspondentes ao corpo e especialidade a que se opta.

e) Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

f) Non ter antecedentes no Rexistro Central de Delincuentes Sexuais.

4.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E ADMISIÓN DE ASPIRANTES:

4.1.-As solicitudes dirixiranse ao Presidente da Deputación Provincial da Coruña e presentaranse no Rexistro Xeral, durante o prazo de vinte días naturais contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOE, no modelo oficial que se facilitará nas oficinas da Deputación (Servizo de Planificación e Xestión de RRHH e no Rexistro Xeral). O modelo figura tamén na web da Deputación www.dacoruna.gal/recursos-humanos/documentos.

Poderán remitirse tamén na forma que determina o art.16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4.2.- De acordo co disposto na Ordenanza do Uso da Lingua Galega na Deputación da Coruña, (BOP nº 186 de 29 de setembro de 2017), os/as aspirantes que desexen o texto das probas en lingua castelán deberán facelo constar na casilla habilitada na instancia.

4.3.- As persoas con discapacidade deberán facelo constar na solicitude, indicando se precisan adaptacións para realizar as probas.

4.4.- Os/as aspirantes que teñan a condición legal de discapacitados, con grao igual ou superior ao 33 por cento, terán que presentar certificación dos órganos competentes que acrediten tal condición e acredite a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

4.5 A instancia acompañarase de:

a) Fotocopia do DNI ou documento de identificación de estranxeiro/a.

b) Documento acreditativo do ingreso dos dereitos de exame no que figurarán o nome, apelidos, DNI e praza á que concorre a persoa interesada

Os dereitos de exame serán os seguintes:

- Para o acceso como funcionario/a de carreira ao grupo de titulación A, Subgrupo A1: 32,10€

-Para o acceso como funcionario/a de carreira, ao grupo de titulación A, Subgrupo A2: 24,05€

c) Para a avaliación da fase de concurso, os/as aspirantes achegaran os documentos que estimen oportunos en fotocopia simple, e unha vez superado o proceso terán que presentar os orixinais no Servizo de Planificación e Xestión de recursos Humanos. O tribunal terá en conta a coherencia da documentación presentada cos méritos que se han valorar e non tomarán en conta nin valorarán aqueles que non queden debidamente acreditados, en todos os seus puntos, no momento de peche do prazo de presentación de solicitudes, excepto no caso de servizos prestados nesta Deputación que serán certificados polo Secretario Xeral, sempre que fosen alegados e cuantificados polos/as aspirantes nas solicitudes.

4.6.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Presidencia aprobará no prazo máximo dun mes a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas que se publicaran no BOP e no taboleiro de anuncios da Deputación, establecéndose un prazo de dez días hábiles a efectos de reclamacións e corrección de deficiencias, conforme ao art. 68 da Lei 39/2015.

Posteriormente a Presidencia da Corporación declarará aprobada a listaxe definitiva de admitidos e excluídos publicándose no BOP, xunto coa composición do Tribunal, lugar, data e hora de comezo do exercicio.

A data de publicación, iniciará o cómputo do prazo para os efectos de posibles impugnacións ou recursos.

5.- TRIBUNAIS CUALIFICADORES:

5.1.- Os tribunais cualificadores de acordo co disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, estarán compostos polos seguintes membros:

- a) un presidente/a, que será un funcionario/a designado polo Presidente da Corporación.
- b) tres vogais funcionarios/as designados polo Presidente da Corporación.
- c) Un secretario, que será o da Corporación ou funcionario/a en quen delegue.

A súa composición deberá axustarse a os principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e tenderase á paridade entre muller e home.

Os/as vogais deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior ás esixidas para o acceso ás prazas convocadas.

O persoal de elección ou de designación política, os/as funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

A pertenza a órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

5.2.- Non poderán formar parte do tribunal os funcionarios/as que realizasen tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria e tamén nos que concorran as circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

O/a presidente poderá esixir aos membros dos tribunais declaración expresa de non atoparse incurso nas circunstancias do citado art.23 da Lei 40/2015 e os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando conorra algunha das devanditas circunstancias.

5.3.- O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a asistencia de como mínimo tres dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente.

O tribunal resolverá todas as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas así como o que deba facerse nos casos non previstos.

O tribunal poderá dispor a incorporación de asesores/as ou especialistas para as probas nas que así o estime. Os devanditos asesores, colaborarán exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas.

5.4.- Os tribunais que actúen nestas probas selectivas, terán a categoría e o dereito de percibir as contías correspondentes, de conformidade ao establecido no R.D. 462/2002 de 24 de maio e lexislación complementaria, de indemnizacións por razón do servizo.

6.-COMEZO E DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS E ORDE DE ACTUACION DAS PERSOAS ASPIRANTES:

Quince días antes, como mínimo, do comezo dos exercicios, anunciarase no BOP e taboleiro de anuncios da Deputación o día, a hora e o lugar onde se realizarán as probas. Os anuncios sucesivos publicaranse no taboleiro de anuncios da Deputación e nos locais onde se realizaron as probas anteriores.

Desde a total conclusión dun exercicio ou proba, ata o comezo do seguinte, deberá transcorrer un prazo mínimo de 72 horas a non ser que todos os que teñan que realizar a respectiva proba, acepten expresamente a redución deste prazo.

Ata a iniciación do exercicio seguinte non poderán transcorrer mais de 45 días naturais.

Os/as aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, excepto nos casos debidamente xustificadas e libremente apreciados polo tribunal.

A orde de actuación dos/as aspirantes, nos exercicios que non se poidan realizar conxuntamente iniciásense alfabeticamente por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra G (DOG nº19 do 26 de xaneiro de 2018).

7.- CUALIFICACION DOS EXERCICIOS:

7.1.- De conformidade co disposto na Ordenanza de uso da lingua galega na Deputación da Coruña (BOP nº 186 de 29 de setembro de 2017), os cuestionarios das probas selectivas faranse en lingua galega e distribuiranse así por defecto entre todas as persoas candidatas. Terase a disposición de quen o solicite con antelación, copia dos cuestionarios das

probas na outra lingua oficial. As probas poderán ser realizadas en calquera lingua oficial independentemente da lingua empregada no cuestionario.

7.2- Os sistemas de cualificación recolleranse nas bases específicas de cada convocatoria.

7.3- Os tribunais corruxirán os exercicios garantindo o anonimato dos/as candidatos/as, salvo nas exposicións orais das unidades didácticas e os exercicios prácticos.

7.4- As cualificacións das persoas aspirantes aprobadas en cada exercicio, expóranse no taboleiro de anuncios da Deputación.

7.5.- A relación definitiva de aprobados/as, que non poderá superar o número de prazas a cubrir, confeccionarase coas persoas opositoras que superando todos os exercicios obrigatorios, obteñan maior puntuación na suma das cualificacións de todos os exercicios e a fase de concurso.

8.- PUBLICACION DOS RESULTADOS FINAIS E PRESENTACION DE DOCUMENTOS:

8.1- Finalizadas as probas, o tribunal publicará no taboleiro de anuncios e nos lugares onde se realizou a última proba, a relación de persoas aprobadas por orde de puntuación final, especificando a cualificación final, elevando a dita relación á Presidencia da Deputación que efectuará o nomeamento.

Non obstante o anterior, cando se produzan renuncias dos/das aspirantes seleccionados antes da súa toma de posesión, o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección, relación complementaria do/as aspirantes que, tendo superados todos os exercicios, sigan aos propostos, para o posible nomeamento como funcionarios de carreira.

8.2.- No prazo de vinte días naturais a contar dende o seguinte a aquel en que se fixeron públicas as listas, os/as opositores aprobados deberán presentar no rexistro xeral de Entidade os seguintes documentos:

a) Título ou testemuño notarial do mesmo esixido para tomar parte nas probas selectivas para cubrir as correspondentes prazas.

b) Declaración de non estar separado/a mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha administración pública, nin acharse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

c) Declaración de non acharse incurso/a en causa algunha de incapacidade ou incompatibilidade de conformidade coas lexislación vixente e referida ao momento da súa toma de posesión.

d) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico e/ou psíquico que incapacite para o exercicio das funcións das prazas convocadas, expedido polo/a facultativo/a de medicina do Sergas ou similar que corresponda aos interesados.

e) Certificado negativo de delitos de natureza sexual.

f) Documentos orixinais dos presentados para a avaliación na fase de concurso.

Os/as aspirantes aprobados que fixesen valer a súa condición de persoal con discapacidade na instancia, deberán presentar tamén a certificación á que se fai referencia na base 1.3.2 que acredite tal condición e igualmente presentar certificado, expedido polo mesmo órgano ou polo competente da administración sanitaria, acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes, no prazo sinalado na base anterior.

8.3.- Ante a imposibilidade debidamente xustificada de presentar os documentos indicados, poderá acreditarse que se reúnen as condicións esixidas na convocatoria, mediante calquera medio de proba admisible en dereito.

8.4.- Os que tivesen a condición de funcionarios/as de carreira estarán exentos de xustificar as condicións e requisitos xa probados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar certificación da administración pública da que dependesen para acreditar tal condición.

8.5- No caso de ser nacionais de estados membros da Unión Europea, presentarán ademais a documentación correspondente.

Esta publicación determinará o inicio do cómputo do prazo para a interposición de reclamacións ou recursos que procedan.

9.- NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN DO PERSOAL FUNCIONARIO

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, os/as aspirantes propostos/as non presentasen a documentación ou non reunisen os requisitos esixidos, non poderán ser nomeados/as ou propostos/as para as prazas, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades nas que puidesen incorrer por falsidade na solicitude para participar no proceso selectivo.

Cumpridos os requisitos procedentes, o Presidente da Corporación efectuará o nomeamento dos/das aspirantes propostos/as, que deberán tomar posesión no prazo dun mes, que contará dende o seguinte ao da publicación da resolución de nomeamento no BOP.

10.- NORMA FINAL

A presente convocatoria e os actos administrativos derivados dela, poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos e na forma establecidos na Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

II.- BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO SELECTIVO DE INGRESO AO CORPO DE PROFESOR/A DE ENSINO SECUNDARIO, ESPECIALIDADE DEBUXO, IES RAFAEL PUGA RAMÓN.

FUNCIONARIO DE CARREIRA

CODIGO PRAZA	CÓDIGO POSTO	GRUPO/SUBGRUPO	CLASIFICACIÓN	PRAZAS	DENOMINACIÓN	ADSCRICIÓN
1.1.21.20	1.1.56.20	A/A1	Escala de administración especial. Subescala técnica. Clase de técnicos superiores	1	Profesor/a de secundaria, Especialidade Debuxo	IES Rafael Puga Ramón

1.- REQUISITOS DOS CANDIDATOS/AS:

A) Estar en posesión do título de:

- Licenciado/a en Belas Artes
- Arquitecto/a

Títulos de grao correspondentes.

B) Estar en posesión da formación pedagóxica e didáctica a que se refire o artigo 100.2º da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Con carácter xeral, reunirán este requisito os que estean en posesión do título oficial de máster universitario que habilite para o exercicio das profesións de profesor de ensinanza secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional ou escolas oficiais de idiomas.

A especialidade que conste no citado título facultará para a presentación do persoal aspirante en calquera especialidade.

Estará dispensado da posesión do citado título o persoal aspirante que acredite ter, con anterioridade ao 1 de outubro de 2009, algún dos seguintes requisitos:

- Estar en posesión do título profesional de especialización didáctica, do certificado de aptitude pedagóxica ou do certificado de cualificación pedagóxica.
- Estar en posesión do título de mestre/a, diplomado/a en profesorado de educación xeral básica, mestre/a de ensino primario, licenciado/a en Pedagogía ou en Psicopedagogía.

Así mesmo, tamén estarán exentos os/as que estivesen cursando algunha das tres anteriores titulacións e tivesen cursado 180 créditos destas na citada data do 1 de outubro de 2009.

- Ter impartido docencia durante dous cursos académicos completos ou, na súa falta, durante 12 meses exercidos en períodos continuos ou discontinuos, en centros públicos ou privados debidamente autorizados, nas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria, ou de bacharelato, ou de formación profesional, conforme o previsto na disposición transitoria cuarta do Real decreto 1834/2008, do 8 de novembro.

2.- SISTEMAS DE SELECCIÓN:

O sistema de selección para esta praza é o concurso-oposición.

2.1-FASE DE CONCURSO

Os méritos da fase de concurso estarán orientados a avaliar a carreira profesional das persoas candidatas e as súas capacidades e aptitudes para cumprir coas funcións propias do corpo e escala de destino.

A cualificación da fase de concurso, aplicarase unicamente aos candidatos/as que superasen a fase da oposición. O tribunal avaliará os méritos que concorran en cada un dos/das aspirantes, referidos á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Para estes efectos, os/as aspirantes deberán xuntar á instancia cantos documentos estimen oportunos. A documentación presentarase en copia simple, debendo presentar os orixinais, antes do nomeamento.

Valorarase ata un máximo de 10 puntos, segundo o seguinte baremo:

A) Servizos prestados.

Valorarase a experiencia docente nun máximo de dez anos e ata un máximo de 7 puntos:

-0,700 puntos por cada ano, de experiencia docente na mesma especialidade do mesmo corpo a que opta o/a aspirante en centro públicos.

-0,350 puntos por cada ano, de experiencia docente na mesma especialidade de distintos corpos ao que opta o/a aspirante en centros públicos.

-0,150 puntos por cada ano, de experiencia docente na mesma especialidade do mesmo nivel ou etapa educativa do corpo a que opta o/a aspirante en outros centros.

-0,100 puntos por cada ano de experiencia docente na mesma especialidade de distinto nivel ou etapa educativa que o corpo a que opta o/a aspirante en outros centros.

Cada mes que exceda do ano, valorarase de xeito proporcional á valoración asignada a cada ano.

B) Formación académica:

Valorarase ata máximo de 1 punto:

-0,50 puntos polo certificado-diploma acreditativo de estudos avanzados, título oficial de máster, suficiencia investigadora ou calquera outro equivalente e que non sexa requisito para o ingreso na función pública docente.

-0,50 puntos por posuír o título de doutor/a

C) Outros méritos

Incluiranse aqueles cursos outorgados pola administración pública ou homologados que capaciten ao candidato/a para o desenvolvemento das funcións propias do posto docente, e o coñecemento da lingua galega ata un máximo de 2 puntos, segundo o seguinte baremo:

-Cursos de formación:

Máis de 100 horas; 0,75 puntos

De máis de 70 a 100 horas: 0,50 puntos

De máis de 40 a 70 horas: 0,35 puntos

De 15 a 40 horas: 0,20 puntos

Menos de 15 horas ou non figuran: 0,10 puntos

Non se puntuarán as xornadas, congresos ou similares.

-Coñecemento da lingua galega:

Título de linguaxe administrativo superior: 0,35 puntos

Título de linguaxe administrativa media: 0,30 puntos

Celga 5: 0,25 puntos

En caso de estar en posesión de distintas titulacións, valorarase unicamente o nivel mais alto de formación

A publicación da puntuación obtida na fase de concurso realizarase con anterioridade á celebración do primeiro exercicio da fase de oposición.

En ningún caso a puntuación obtida na fase de concurso poderá aplicarse para superar os exercicios da fase de oposición.

2.2- FASE DE OPOSICIÓN

Constará de dous exercicios e a cualificación desta fase será a suma das puntuacións obtidas nos dous exercicios sempre e cando ambos os dous se superen

A) Primeiro exercicio.- Obrigatorio e eliminatorio, constará de dúas partes

Valorarase globalmente de 0 a 10 puntos e o/a aspirante deberá conseguir un mínimo de 5 puntos para superalo.

1ª Parte:

Valorarase de 0 a 5 puntos

O exame entregarase en galego agás que o/a opositor/a faga constar na instancia, na casilla correspondente, que se lle facilite en castelán

Consistirá en resolver no tempo máximo dunha hora, un cuestionario tipo test con 40 preguntas e tres respostas alternativas cada unha, sendo só unha delas correcta, e 5 preguntas de reserva, que soamente se corruxirán si se anula algunha pregunta, sobre as materias do programa que figura no anexo (parte xeral), elaborado polo tribunal inmediatamente antes do comezo da proba.

Cada pregunta correcta puntuará 0,125 puntos, cada pregunta incorrecta descontará 0,062 puntos e cada pregunta en branco descontará 0,030 puntos.

2ª Parte:

Valorarase de 0 a 5 puntos.

A puntuación obtida polos/as aspirantes será a media aritmética das cualificacións outorgadas por cada membro do tribunal.

Consistirá na valoración por parte do tribunal, dunha unidade didáctica, relativa á praza á que se concursa, que deberá ser elaborada polo/a aspirante e presentada no rexistro da Deputación Provincial da Coruña, 15 días antes de comezar os exames.

A unidade non poderá conter ningún dato persoal como nome, apelidos, DNI ou calquera outro que permita a identificación do aspirante, nin estará asinada en ningunha das follas que a compoñen, quedando excluídas de valoración aquelas que non cumpran estes requisitos.

Redactarase por unha soa cara, enumerada a dobre espazo interlineal, con letra tipo arial, sen comprimir tamaño 12 puntos, e a súa extensión será como mínimo de 50 folios e como máximo de 80.

Os aspirantes escollerán de entre os contidos que figuran no temario do anexo, aqueles que consideran axeitados para elaborar unha unidade estruturada, coherente e apropiada para o nivel e idade do alumnado ao que vai dirixida, non tendo que a terse se o desexa aos contidos dun único bloque.

A unidade conterá un mínimo de 10 sesións didácticas que aparecerán numeradas no índice e cada unha delas estará prevista para ser desenvolvida nunha clase de 50 minutos.

A estrutura da unidade conterá polo menos os seguintes aspectos:

a) Descrición:

Neste apartado xustificarse a elección da unidade describindo o eixe en torno ao cal se vai organizar, os logros educativos que se queren alcanzar e o curso ou ciclo formativo ao que vai dirixida. Igualmente farase referencia á súa vinculación co deseño curricular da ESO, bacharelato ou ciclo formativo correspondente e co bloque ou bloques de contido dos que forma parte. Así mesmo, sinalarase a súa conexión con outras unidades didácticas ou con outras materias da relación de méritos e cantos outros factores puidesen incidir no seu desenvolvemento.

b) Obxectivos

Relación de obxectivos xerais e específicos expresados en termos de capacidade.

c) Contidos

Relación de contidos que se traballan ao longo da unidade.

d) Actividades

Secuenciación e descrición de cada unha das actividades propostas, indicando a metodoloxía a empregar e a súa temporalización.

e) Estándares e resultado de aprendizaxes avaliábeis.

Son concrecións dos propios criterios de avaliación.

f) Competencias clave.

Aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego.

g) Recursos

Materiais didácticos, espazos, recursos humanos ou tecnolóxicos necesarios para levar á práctica a unidade.

h) Atención á diversidade

Previsión de actuacións concretas que permitan adecuar a unidade á diversidade de competencias e intereses do alumnado.

i) Mínimos esixibles.

O mínimo esixible para obter unha valoración positiva da unidade.

j) Avaliación

Criterios, procedementos e instrumentos que se utilizarán, ao longo da posta en práctica da unidade didáctica, para a valoración da aprendizaxe do alumnado da práctica docente e da propia unidade didáctica.

B) Segundo exercicio.- Obrigatorio e eliminatorio

Valorarase globalmente de 0 a 5 puntos e o/a aspirante deberá conseguir un mínimo de 2,5 puntos para superalo.

A puntuación obtida polos/as aspirantes será a media aritmética das cualificacións outorgadas por cada membro do tribunal.

Consistirá na presentación diante do tribunal, da unidade didáctica da persoa candidata, e na exposición oral, dunha das sesións didácticas que integran a dita unidade, a elección do tribunal.

O/a aspirante disporá de 30 minutos para organizar a súa exposición e confeccionar, se o desexa, un guión que non exceda dun folio e que deberá entregar ao tribunal ao finalizar.

O/a aspirante poderá utilizar na súa exposición o material auxiliar que estime oportuno e que este achegue.

Na exposición o/a candidato/a comezará presentado a unidade didáctica, para o que disporá dun tempo máximo de 15 minutos. A continuación exporá a sesión escollida polo tribunal, por un tempo máximo de 50 minutos.

Ao finalizar a exposición, o tribunal poderá pedir as aclaracións que estime oportunas.

C) Proba de acreditación de coñecemento da lingua galega

De carácter obrigatorio para todos os/as aspirantes, excepto aqueles que teñan acreditado o curso de perfeccionamento ou CELGA 4 de galego, os/as cales estarán exentos de realizar o exercicio,

Consistirá na tradución nun tempo máximo dunha hora dun texto de castelán a galego e outro de galego a castelán a proposta do Tribunal. Este exercicio será cualificado como apto ou non apto.

Para os efectos de ser eximidos da realización deste exercicio, os/as aspirantes deberán de acompañar os documentos relativos á realización do curso de galego ou equivalente.

3.-CUALIFICACIÓN DEFINITIVA

Será a suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e oposición.

En caso de empate resolverase atendendo aos seguintes criterios

- a) Maior puntuación na fase de oposición
- b) Maior puntuación en cada un dos exercicios, pola orden na que estes aparecen na convocatoria.
- c) Maior puntuación na fase de concurso
- d) Maior puntuación nos epígrafes do baremo de méritos pola orden na que aparecen na convocatoria.
- e) En caso de que persista o empate, dirimirase a través da realización dunha proba por escrito sobre cuestións breves referentes ao temario da especialidade.

De ser o caso o persoal aspirante será convocado para esta proba polo tribunal cunha antelación mínima de 48 horas

ANEXO

PROGRAMA PARA PROFESOR/A DE ENSINO SECUNDARIO, ESPECIALIDADE DEBUXO

PARTE XERAL:

TEMA 1.- A Constitución española de 1978. Especial referencia aos dereitos fundamentais e liberdades públicas. A organización territorial do Estado na Constitución: ideas xerais da administración central, autonómica e local. O estatuto de autonomía de Galicia. Estrutura e contido. Especial referencia ao goberno da Comunidade Autónoma

TEMA 2.- Réxime local español: clases de entidades locais. Organización provincial e competencias das provincias. Lei 3/1983, de normalización lingüística de Galicia e Ordenanza do uso da lingua galega na Deputación da Coruña (BOP 186, do 29 de setembro de 2017). Uso oficial do galego.

TEMA 3.- Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Disposicións xerais. Principios de protección. Garantía dos dereitos dixitais. Decreto 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. Integración transversal do principio de igualdade nas actuacións da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

TEMA 4.- Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do emprego público: concepto e clases de empregados públicos. Dereitos e deberes. Código de conduta dos empregados públicos.

TEMA 5.- Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do emprego público: dereito á carreira profesional e á promoción interna. A avaliación do desempeño.

TEMA 6.- Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do emprego público: dereitos retributivos. Acceso ao emprego público e adquisición da relación de servizo.

TEMA 7.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Da actividade das administracións públicas: normas xerais de actuación; termos e prazos.

TEMA 8.- Lei 39/2015. Dos actos administrativos: requisitos dos actos administrativos, eficacia dos actos, nulidade e anulabilidade.

TEMA 9.- Lei 39/2015. Das disposicións sobre o procedemento administrativo común: garantías do procedemento; iniciación do procedemento; ordenación do procedemento; instrución do procedemento; finalización do procedemento.

TEMA 10.- Lei 39/2015. Da revisión dos actos na vía administrativa: revisión de oficio; recursos administrativos.

TEMA 11.- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. Disposicións xerais, principios de actuación e funcionamento do sector público: disposicións xerais; dos órganos das administracións públicas.

TEMA 12.- Lei 40/2015. Principios da potestade sancionadora. Da responsabilidade patrimonial das administracións públicas; funcionamento electrónico do sector público

TEMA.13.- Réxime de funcionamento das entidades locais. Información e participación cidadás. Estatuto dos membros das corporacións locais.

TEMA 14.- Orzamentos xerais das corporacións locais: definición. Ámbito temporal. Contido do orzamento xeral. Anexos ao orzamento xeral. Estrutura dos estados de ingresos e gastos. Elaboración e aprobación.

TEMA 15.- Especialidade e limitación dos créditos. Temporalidade dos créditos. Modificación dos créditos: clases e tramitación.

TEMA 16.- A xestión tributaria: tributos provinciais, propios e delegados. Competencias do Pleno da Deputación en materia de xestión tributaria e competencias do Presidente na ordenanza fiscal xeral da Deputación da Coruña.

TEMA 17.-. Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do sector público. Partes no contrato: órganos de contratación. Capacidade e solvencia do empresario. Obxecto, prezo e contía do contrato. Revisión de prezos nos contratos das administracións públicas. Garantías esixibles na contratación do sector público. Preparación dos contratos: expediente de contratación. Pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas. Adjudicación dos contratos das administracións públicas: normas xerais. Publicidade. Licitación. Selección do adjudicatario.

TEMA 18.- A Unión Europea: Competencias e funcionamento. Participación dos entes territoriais non estatais no proceso decisorio.

PARTE ESPECÍFICA

BLOQUE I.- EXPRESIÓN PLÁSTICA E PROCESO CREATIVO

TEMA 1.- Expresividade e creatividade. Factores que interveñen no proceso creativo. A actividade artística como forma natural de expresión.

TEMA 2.- A percepción visual e os factores que a determinan.

TEMA 3.- Forma e imaxe. Factores obxectivos e subxectivos na apreciación formal. Psicoloxía da imaxe.

TEMA 4.- Os elementos da imaxe: punto, liña, textura, forma bidimensional e tridimensional.

TEMA 5.- A composición. Esquemas compositivos. Regras básicas de composición.

TEMA 6.- A proporción. Propiedades plásticas da proporción. Escalas. A proporción da figura humana.

TEMA 7.- A proporción na arte: arquitectura, escultura e pintura.

TEMA 8.- A linguaxe plástica. Capacidades comunicativas.

TEMA 9.- A luz como definidora do espazo, de formas e de volumes.

TEMA 10.- A cor: Fundamentos físicos e visuais. Elementos valorativos da cor.

TEMA 11.- Expresividade da cor. Emocións e sentimentos. A cor na arte.

TEMA 12.- O corpo humano como obxecto de representación artística. Referencias estéticas na historia da arte.

TEMA 13.- Módulos e redes. Patróns, táboas, estruturas e repeticións de figuras como patróns ornamentais.

TEMA 14.- Técnicas e procedementos no debuxo. Elementos expresivos. Materiais.

TEMA 15.- Técnicas e procedementos pictóricos. Elementos expresivos. Materiais.

TEMA 16.- Técnicas e procedementos de gravado e estampaxe. Elementos expresivos. Materiais.

TEMA 17.- Técnicas e procedementos escultóricos. Elementos expresivos. Materiais.

TEMA 18.- Técnicas e procedementos de cerámica, vidreira e esmalte.

TEMA 19.- Fases dunha obra. Bosquexo, guión, maqueta. Fases dun proxecto.

BLOQUE II. -HISTORIA DA ARTE

TEMA 20.- Percepción e análise da obra de arte. Iconografía e iconoloxía.

TEMA 21.- As artes figurativas no mundo antigo.

TEMA 22.- A arte clásica. A súa influencia histórica.

TEMA 23 TEMA -. A arte románica.

TEMA 24 -A arte gótica.

TEMA 25.- A arte islámica. A súa significación na arte española.

TEMA 26.- O Renacemento. Significación cultural e estética. O Renacemento en España.

TEMA 27. O Barroco. Sentido dinámico das formas e da luz nas artes plásticas. O Barroco en Galicia.

TEMA 28.- A evolución da arquitectura e as artes plásticas no século XIX. Estilos e rupturas.

TEMA 29.- As vangardas do século XX. Tendencias artísticas recentes. Arte galega do S. XX.

TEMA 30.- As Primeiras Vangardas. Descubrimentos sobre a química dá cor. A fotografía. Modernismo- Art Nouveau

TEMA 31.- O Surrealismo e outras vangardas. Relación dá psicoloxía coa arte. A Bauhaus. O Art Decó. A súa influencia nas artes aplicadas ao deseño.

BLOQUE III.- DESEÑO

TEMA 32.- O deseño. Forma e función. Evolución e cultura.

TEMA 33. Deseño gráfico. Áreas de actuación. Recursos e procedementos.

TEMA 34. -A tipografía. Familias tipográficas, tipos, fontes, caracteres.

TEMA 35.- O deseño industrial. Procesos de creación. Campos de aplicación.

TEMA 36. -O deseño de obxectos. Campos e aplicación.

TEMA 37. -O deseño de espazos habitables. Campos de aplicación.

TEMA 38. -O deseño e o debuxo asistidos por computador.

TEMA 39. -Deseño téxtil e o deseño de moda.

TEMA 40. -O deseño en escenografía e decorado. Esculturas efémeras.

TEMA 41.- O deseño experimental.

BLOQUE IV.- REPRESENTACIÓN TÉCNICA DE FORMAS PLANAS

TEMA 42.- Fundamentos do debuxo xeométrico: Finalidade. Normas DIN, UNE e ISO. Croquización e anotación.

TEMA 43.- Uso das ferramentas de debuxo. Elementos xeométricos básicos.

TEMA 44.- Suma e resta de segmentos e ángulos. Mediatriz e bisectriz de segmentos.

TEMA 45.- Construcións xeométricas fundamentais. Teorema de Tales, rectas perpendiculares, rectas paralelas, proporcionalidade de segmentos.

TEMA 46.- A circunferencia. Ángulos na circunferencia, arco capaz, potencia, eixo e centro radical.

TEMA 47.- Xeometría plana. Triángulos e cuadriláteros. Polígonos.

TEMA 48.- Proporcionalidade e escalas. O teorema de Tales.

TEMA 49.- Transformacións xeométricas: Elementos e tipos de transformacións. Translación, xiro e simetría.

TEMA 50.- Transformacións xeométricas: Concepto de xeometría proxectiva, homoloxía, afinidade e homotecia. Investimento.

TEMA 51.- Tanxencias e ligazóns entre rectas e circunferencias. Teoremas.

TEMA 52.- Curvas cónicas. Definición, xeración e construción.

TEMA 53.- Curvas técnicas: Óvalos e ovoides. Espirais.

BLOQUE V.- REPRESENTACIÓN TÉCNICA DESCRIPTIVA

TEMA 54.- Fundamentos e finalidade da xeometría descritiva. Tipos de proxección.

TEMA 55.- Sistema diédrico: Fundamentos. Punto, recta e plano. Leis de pertenza. Posicións relativas entre rectas e planos, interseccións, paralelismo e perpendicularidade.

TEMA 56.- Sistema diédrico: Verdadeira magnitude dun segmento. Distancias e ángulos.

TEMA 57.- Representación diédrica de superficies radiadas e poliedros regulares.

TEMA 58.- Sistema axonométrico: Fundamentos.

TEMA 59.- Proxección cilíndrica ortogonal. Perspectiva isométrica. Representación de figuras planas, sólidos e poliedros regulares.

TEMA 60.- Proxección cilíndrica oblícuca. Perspectiva caballera ou militar. Representación de figuras planas, sólidos e poliedros regulares.

TEMA 61.- Perspectiva cónica: Fundamentos e tipoloxías. Métodos operativos.

Perspectiva cónica frontal e Perspectiva cónica oblícuca. Representación de figuras.

TEMA 62.- Sistema de planos acoutados: Finalidade e fundamentos.

BLOQUE VI.- A LINGUAXE VISUAL E AUDIOVISUAL

TEMA 63.- Os medios de comunicación de masas. Códigos na comunicación visual. Funcións sociais e culturais.

TEMA 64.- O cómic. Fundamentos técnicos e expresivos. Estilos e tendencias.

TEMA 65.- A fotografía. Historia. Factores expresivos e compositivos. Fundamentos técnicos.

TEMA 66.- Tratamento dixital da imaxe fotográfica. Elementos principais dos programas de mapa de bits.

TEMA 67.- A publicidade. El mensaxe connotativo e denotativo. A linguaxe publicitaria. Estratexias publicitarias.

TEMA 68.- A linguaxe visual nos soportes informáticos e dixitais. Utilización de recursos TIC. Formato multimedia.

TEMA 69.- A imaxe animada. Técnicas e procedementos básicos. Novas tecnoloxías.

TEMA 70.- A televisión. Información e espectáculo. Posibilidades do medio na formación estética.

TEMA 71.- O cine. Orixe e evolución. Elementos técnicos e estéticos fundamentais.

TEMA 72.- A imaxe videográfica. Gravación e montaxe. Programas de tratamentos dixitais da imaxe videográfica.

III.- BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO SELECTIVO DE INGRESO AO CORPO DE PROFESOR/A DE ENSINO SECUNDARIO, ESPECIALIDADE EDUCACIÓN FÍSICA, IES RAFAEL PUGA RAMÓN .

FUNCIONARIO DE CARREIRA

CODIGO PRAZA	CÓDIGO POSTO	GRUPO/SUBGRUPO	CLASIFICACIÓN	PRAZAS	DENOMINACIÓN	ADSCRICIÓN
1.1.51.2	1.1.88.1	A/A1	Escala de administración especial. Subescala técnica. Clase de técnicos superiores	2	Profesor/a de secundaria, Especialidade Educación Física	IES Rafael Puga Ramón
1.1.51.1	1.1.88.2					

1.- REQUISITOS DOS CANDIDATOS/AS:

A) Estar en posesión do título de:

Licenciado/a en ciencias da Actividade Física e do Deporte ou títulos de grao correspondentes.

B) Estar en posesión da formación pedagóxica e didáctica a que se refire o artigo 100.2º da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Con carácter xeral, reunirán este requisito os que estean en posesión do título oficial de máster universitario que habilite para o exercicio das profesións de profesor de ensinanza secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional ou escolas oficiais de idiomas.

A especialidade que conste no citado título facultará para a presentación do persoal aspirante en calquera especialidade.

Estará dispensado da posesión do citado título o persoal aspirante que acredite ter, con anterioridade ao 1 de outubro de 2009, algún dos seguintes requisitos:

– Estar en posesión do título profesional de especialización didáctica, do certificado de aptitude pedagóxica ou do certificado de cualificación pedagóxica.

– Estar en posesión do título de mestre/a, diplomado/a en profesorado de educación xeral básica, mestre/a de ensino primario, licenciado/a en Pedagogía ou en Psicopedagogía.

Así mesmo, tamén estarán exentos os/as que estivesen cursando algunha das tres anteriores titulacións e tivesen cursado 180 créditos destas na citada data do 1 de outubro de 2009.

– Ter impartido docencia durante dous cursos académicos completos ou, na súa falta, durante 12 meses exercidos en períodos continuos ou descontinuos, en centros públicos ou privados debidamente autorizados, nas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria, ou de bacharelato, ou de formación profesional, conforme o previsto na disposición transitoria cuarta do Real decreto 1834/2008, do 8 de novembro.

2.- SISTEMAS DE SELECCIÓN:

O sistema de selección para esta praza é o concurso-oposición.

2.1-FASE DE CONCURSO

Os méritos da fase de concurso estarán orientados a avaliar a carreira profesional das persoas candidatas e as súas capacidades e aptitudes para cumprir coas funcións propias do corpo e escala de destino.

A cualificación da fase de concurso, aplicarase unicamente aos candidatos/as que superasen a fase da oposición. O tribunal avaliará os méritos que concorran en cada un dos/das aspirantes, referidos á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Para estes efectos, os/as aspirantes deberán xuntar á instancia cantos documentos estimen oportunos. A documentación presentarse en copia simple, debendo presentar os orixinais, antes do nomeamento.

Valorarase ata un máximo de 10 puntos, segundo o seguinte baremo:

A) Servizos prestados.

Valorarase a experiencia docente nun máximo de dez anos e ata un máximo de 7 puntos:

-0,700 puntos por cada ano, de experiencia docente na mesma especialidade do mesmo corpo a que opta o/a aspirante en centros públicos.

-0,350 puntos por cada ano, de experiencia docente na mesma especialidade de distintos corpos ao que opta o/a aspirante en centros públicos.

-0,150 puntos por cada ano, de experiencia docente na mesma especialidade do mesmo nivel ou etapa educativa do corpo a que opta o/a aspirante en outros centros.

-0,100 puntos por cada ano de experiencia docente na mesma especialidade de distinto nivel ou etapa educativa que o corpo a que opta o/a aspirante en outros centros.

Cada mes que exceda do ano, valorarase de xeito proporcional á valoración asignada a cada ano

B) Formación académica:

Valorarase ata máximo de 1 punto:

-0,50 puntos polo certificado-diploma acreditativo de estudos avanzados, título oficial de máster, suficiencia investigadora ou calquera outro equivalente e que non sexa requisito para o ingreso na función pública docente.

-0,50 puntos por posuír o título de doutor/a

C) Outros méritos

Incluiranse aqueles cursos outorgados pola administración pública ou homologados que capaciten ao candidato/a para o desenvolvemento das funcións propias do posto docente, e o coñecemento da lingua galega ata un máximo de 2 puntos, segundo o seguinte baremo:

-Cursos de formación:

Máis de 100 horas; 0,75 puntos

De máis de 70 a 100 horas: 0,50 puntos

De máis de 40 a 70 horas: 0,35 puntos

De 15 a 40 horas: 0,20 puntos

Menos de 15 horas ou non figuran: 0,10 puntos

Non se puntuarán as xornadas, congresos ou similares.

-Coñecemento da lingua galega:

Título de linguaxe administrativo superior: 0,35 puntos

Titulo de linguaxe administrativa media: 0,30 puntos

Celga 5: 0,25 puntos

En caso de estar en posesión de distintas titulacións, valorarase unicamente o nivel mais alto de formación

A publicación da puntuación obtida na fase de concurso realizarase con anterioridade á celebración do primeiro exercicio da fase de oposición.

En ningún caso a puntuación obtida na fase de concurso poderá aplicarse para superar os exercicios da fase de oposición.

2.2- FASE DE OPOSICIÓN

Constará de dous exercicios e a cualificación desta fase será a suma das puntuacións obtidas nos dous exercicios sempre e cando ambos os dous se superen

A) Primeiro exercicio.- Obrigatorio e eliminatorio, constará de dúas partes

Valorarase globalmente de 0 a 10 puntos e o/a aspirante deberá conseguir un mínimo de 5 puntos para superalo.

1ª Parte:

Valorarase de 0 a 5 puntos

O exame entregarase en galego agás que o/a opositor/a faga constar na instancia, na casilla correspondente, que se lle facilite en castelán

Consistirá en resolver no tempo máximo dunha hora, un cuestionario tipo test con 40 preguntas e tres respostas alternativas cada unha, sendo só unha delas correcta, e 5 preguntas de reserva, que soamente se corruxirán si se anula algunha pregunta, sobre as materias do programa que figura no anexo (parte xeral), elaborado polo tribunal inmediatamente antes do comezo da proba.

Cada pregunta correcta puntuará 0,125 puntos, cada pregunta incorrecta descontará 0,062 puntos e cada pregunta en branco descontará 0,030 puntos.

2ª Parte:

Valorarase de 0 a 5 puntos.

A puntuación obtida polos/as aspirantes será a media aritmética das cualificacións outorgadas por cada membro do tribunal.

Consistirá na valoración por parte do tribunal, dunha unidade didáctica, relativa á praza á que se concursa, que deberá ser elaborada polo/a aspirante e presentada no rexistro da Deputación Provincial da Coruña, 15 días antes de comezar os exames.

A unidade non poderá conter ningún dato persoal como nome, apelidos, DNI ou calquera outro que permita a identificación do aspirante, nin estará asinada en ningunha das follas que a compoñen, quedando excluídas de valoración aquelas que non cumpran estes requisitos.

Redactarase por unha soa cara, enumerada a dobre espazo interlineal, con letra tipo arial, sen comprimir tamaño 12 puntos, e a súa extensión será como mínimo de 50 folios e como máximo de 80.

Os aspirantes escollerán de entre os contidos que figuran no temario do anexo, aqueles que consideran axeitados para elaborar unha unidade estruturada, coherente e apropiada para o nivel e idade do alumnado ao que vai dirixida, non tendo que a terse se o desexa aos contidos dun único bloque.

A unidade conterá un mínimo de 10 sesións didácticas que aparecerán numeradas no índice e cada unha delas estará prevista para ser desenvolvida nunha clase de 50 minutos.

A estrutura da unidade conterá polo menos os seguintes aspectos:

a) Descrición:

Neste apartado xustificarase a elección da unidade describindo o eixe en torno ao cal se vai organizar, os logros educativos que se queren alcanzar e o curso ou ciclo formativo ao que vai dirixida. Igualmente farase referencia á súa vinculación co deseño curricular da ESO, bacharelato ou ciclo formativo correspondente e co bloque ou bloques de contido dos que forma parte. Así mesmo, sinalarase a súa conexión con outras unidades didácticas ou con outras materias da relación de méritos e cantos outros factores puidesen incidir no seu desenvolvemento.

b) Obxectivos

Relación de obxectivos xerais e específicos expresados en termos de capacidade.

c) Contidos

Relación de contidos que se traballan ao longo da unidade.

d) Actividades

Secuenciación e descrición de cada unha das actividades propostas, indicando a metodoloxía a empregar e a súa temporalización.

e) Estándares e resultado de aprendizaxes avaliáveis.

Son concrecións dos propios criterios de avaliación.

f) Competencias clave.

Aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego.

g) Recursos

Materiais didácticos, espazos, recursos humanos ou tecnolóxicos necesarios para levar á práctica a unidade.

h) Atención á diversidade

Previsión de actuacións concretas que permitan adecuar a unidade á diversidade de competencias e intereses do alumnado.

i) Mínimos esixibles.

O mínimo esixible para obter unha valoración positiva da unidade.

j) Avaliación

Criterios, procedementos e instrumentos que se utilizarán, ao longo da posta en práctica da unidade didáctica, para a valoración da aprendizaxe do alumnado da práctica docente e da propia unidade didáctica.

B) Segundo exercicio.- Obrigatorio e eliminatorio

Valorarase globalmente de 0 a 5 puntos e o/a aspirante deberá conseguir un mínimo de 2,5 puntos para superalo.

A puntuación obtida polos/as aspirantes será a media aritmética das cualificacións outorgadas por cada membro do tribunal.

Consistirá na presentación diante do tribunal, da unidade didáctica da persoa candidata, e na exposición oral, dunha das sesións didácticas que integran a dita unidade, a elección do tribunal.

O/a aspirante disporá de 30 minutos para organizar a súa exposición e confeccionar, se o desexa, un guión que non exceda dun folio e que deberá entregar ao tribunal ao finalizar.

O/a aspirante poderá utilizar na súa exposición o material auxiliar que estime oportuno e que este achegue.

Na exposición o/a candidato/a comezará presentado a unidade didáctica, para o que disporá dun tempo máximo de 15 minutos. A continuación exporá a sesión escollida polo tribunal, por un tempo máximo de 50 minutos.

Ao finalizar a exposición, o tribunal poderá pedir as aclaracións que estime oportunas.

C) Proba de acreditación de coñecemento da lingua galega

De carácter obrigatorio para todos os/as aspirantes, excepto aqueles que teñan acreditado o curso de perfeccionamento ou CELGA 4 de galego, os/as cales estarán exentos de realizar o exercicio,

Consistirá na tradución nun tempo máximo dunha hora dun texto de castelán a galego e outro de galego a castelán a proposta do Tribunal. Este exercicio será cualificado como apto ou non apto.

Para os efectos de ser eximidos da realización deste exercicio, os/as aspirantes deberán de acompañar os documentos relativos á realización do curso de galego ou equivalente.

3.-CUALIFICACIÓN DEFINITIVA

Será a suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e oposición.

En caso de empate resolverase atendendo aos seguintes criterios

- a) Maior puntuación na fase de oposición
- b) Maior puntuación en cada un dos exercicios, pola orden na que estes aparecen na convocatoria.
- c) Maior puntuación na fase de concurso
- d) Maior puntuación nos epígrafes do baremo de méritos pola orden na que aparecen na convocatoria.
- e) En caso de que persista o empate, dirimirase a través da realización dunha proba por escrito sobre cuestións breves referentes ao temario da especialidade .

De ser o caso o persoal aspirante será convocado para esta proba polo tribunal cunha antelación mínima de 48 horas

ANEXO**PROGRAMA PARA PROFESOR/A DE ENSINO SECUNDARIO, ESPECIALIDADE EDUCACIÓN FÍSICA****PARTE XERAL:**

TEMA 1.- A Constitución española de 1978. Especial referencia aos dereitos fundamentais e liberdades públicas. A organización territorial do Estado na Constitución: ideas xerais da administración central, autonómica e local. O estatuto de autonomía de Galicia. Estrutura e contido. Especial referencia ao goberno da Comunidade Autónoma

TEMA 2.- Réxime local español: clases de entidades locais. Organización provincial e competencias das provincias. Lei 3/1983, de normalización lingüística de Galicia e Ordenanza do uso da lingua galega na Deputación da Coruña (BOP 186, do 29 de setembro de 2017). Uso oficial do galego.

TEMA 3.- Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Disposicións xerais. Principios de protección. Garantía dos dereitos dixitais. Decreto 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. Integración transversal do principio de igualdade nas actuacións da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

TEMA 4.- Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do emprego público: concepto e clases de empregados públicos. Dereitos e deberes. Código de conduta dos empregados públicos.

TEMA 5.- Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do emprego público: dereito á carreira profesional e á promoción interna. A avaliación do desempeño.

TEMA 6.- Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do emprego público: dereitos retributivos. Acceso ao emprego público e adquisición da relación de servizo.

TEMA 7.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Da actividade das administracións públicas: normas xerais de actuación; termos e prazos.

TEMA 8.- Lei 39/2015. Dos actos administrativos: requisitos dos actos administrativos, eficacia dos actos, nulidade e anulabilidade.

TEMA 9.- Lei 39/2015. Das disposicións sobre o procedemento administrativo común: garantías do procedemento; iniciación do procedemento; ordenación do procedemento; instrución do procedemento; finalización do procedemento.

TEMA 10.- Lei 39/2015. Da revisión dos actos na vía administrativa: revisión de oficio; recursos administrativos.

TEMA 11.- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. Disposicións xerais, principios de actuación e funcionamento do sector público: DISPOSICIÓN XERAIS; DOS ÓRGANOS DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.

TEMA 12. Lei 40/2015. Principios da potestade sancionadora. Da responsabilidade patrimonial das administracións públicas; funcionamento electrónico do sector público

TEMA.13- Réxime de funcionamento das entidades locais. Información e participación cidadás. Estatuto dos membros das corporacións locais.

TEMA 14.- Orzamentos xerais das corporacións locais: definición. Ámbito temporal. Contido do orzamento xeral. Anexos ao orzamento xeral. Estrutura dos estados de ingresos e gastos. Elaboración e aprobación.

TEMA 15.- Especialidade e limitación dos créditos. Temporalidade dos créditos. Modificación dos créditos: clases e tramitación.

TEMA 16.- A xestión tributaria: tributos provinciais, propios e delegados. Competencias do Pleno da Deputación en materia de xestión tributaria e competencias do Presidente na ordenanza fiscal xeral da Deputación da Coruña.

TEMA 17.- Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do sector público. Partes no contrato: órganos de contratación. Capacidade e solvencia do empresario. Obxecto, prezo e contía do contrato. Revisión de prezos nos contratos das administracións públicas. Garantías esixibles na contratación do sector público. Preparación dos contratos: expediente de contratación. Pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas. Adjudicación dos contratos das administracións públicas: normas xerais. Publicidade. Licitación. Selección do adjudicatario.

TEMA 18.- A Unión Europea: Competencias e funcionamento. Participación dos entes territoriais non estatais no proceso decisorio.

PARTE ESPECÍFICA:

TEMA 1. Epistemoloxía da Educación Física: evolución e desenvolvemento das distintas concepcións e do seu obxecto de estudo.

TEMA 2. A Educación Física no sistema educativo. Historia e evolución das funcións da Educación Física. Evolución do modelo curricular da Educación Física escolar.

TEMA 3. As taxonomías de obxectivos e o seu valor didáctico. Taxonomías do ámbito motor: aplicacións prácticas para o desenvolvemento do proceso de ensino e aprendizaxe en Educación Física.

TEMA 4. Os contidos da Educación Física: evolución e correntes que orixinaron. Valor e tratamento educativo que recibiron as correntes máis estendidas.

TEMA 5. A competencia motriz: concepto e dimensións implicadas no seu desenvolvemento. Os niveis de habilidade nas actividades físico-deportivas e os problemas de competencia motriz.

TEMA 6. A coeducación e igualdade dos sexos no contexto escolar. Estereotipos e actitudes sexistas en Educación Física: tratamento educativo a través dos obxectivos, contidos, metodoloxía e actividades de ensino da Educación Física.

TEMA 7. Discapacidade física, intelectual e sensorial: concepto e clasificación. Descrición e análise das discapacidades. Valoración inicial da persoa con discapacidade. Adaptacións e medidas de seguridade nas práctica actividades físico-deportivas. Deportes adaptados específicos.

TEMA 8. Adaptacións curriculares e Educación Física. A atención e tratamento das necesidades educativas especiais nos elementos de acceso ao currículo e nos elementos básicos do mesmo (obxectivos, contidos, criterios de avaliación e metodoloxía).

TEMA 9. Desenvolvemento motor: o crecemento e a evolución de aspectos cuantitativos e cualitativos máis relevantes para o movemento humano na idade escolar.

TEMA 10. Medición e avaliación do desenvolvemento motor. Tendencias nos aspectos a avaliar. Procedementos e instrumentos para a medición e avaliación do desenvolvemento motor.

TEMA 11. Estrutura do exercicio físico. Forma e técnica. Análise dos elementos mecánicos, kinesiolóxicos e funcionais. Repercusións na Educación física escolar.

TEMA 12. Os sistemas naturais en Educación Física. Evolución e aspectos técnicos. Aplicacións actuais.

TEMA 13. Os sistemas analíticos en Educación Física. Evolución e aspectos técnicos. Aplicacións actuais.

TEMA 14. Os sistemas rítmicos en Educación Física. Evolución e aspectos técnicos. Aplicacións actuais.

TEMA 15. A condición física: concepción e evolución das correntes. Sistemas de desenvolvemento da condición física: clasificación, características e consideracións para a súa aplicación no marco escolar da Educación Secundaria.

TEMA 16. Principios básicos para o adecuado desenvolvemento da condición física (continuidade, progresión, individualización, etc.).

TEMA 17. O quecemento: fundamentos e tipos. Funcións: quecemento e rendemento, quecemento e prevención de lesións, quecemento e aprendizaxe. Criterios para a elaboración de tarefas de quecemento xeral e específico.

TEMA 18. Capacidades físicas básicas. Concepto, clasificacións e evolución das mesmas. Evolución no desenvolvemento motor dos alumnos e as alumnas de Educación Secundaria.

TEMA 19. Factores que interveñen no traballo de desenvolvemento da condición física: intensidade e volume; recuperación, duración e repeticións.

TEMA 20. A adaptación do organismo ao esforzo na actividade física. A síndrome xeral de adaptación. Repercusións para o desenvolvemento da condición física.

TEMA 21. Procesos enerxéticos e actividade física: sistemas aeróbico e anaeróbico.

TEMA 22. A resistencia como capacidade física básica. Consideracións teóricas. Tipos de resistencia. Tratamento e criterios para o deseño de tarefas para o seu desenvolvemento no marco escolar.

TEMA 23. O sistema cardio-respiratorio. Estrutura e funcións. Características particulares do período evolutivo correspondente á etapa. Consideracións a ter presentes na clase de Educación Física.

TEMA 24. A forza como capacidade física básica. Consideracións teóricas. Tipos de forza. Tratamento e criterios para o deseño de tarefas para o seu desenvolvemento no marco escolar.

TEMA 25. O sistema muscular. Estrutura e funcións. Características particulares do período evolutivo correspondente á etapa. Consideracións a ter presentes na clase de Educación Física.

TEMA 26. A velocidade como capacidade física básica. Consideracións teóricas. Tipos de velocidade. Tratamento e criterios para o deseño de tarefas para o seu desenvolvemento no marco escolar.

TEMA 27. O sistema nervioso. Organización do sistema nervioso. Niveis de funcións. Características particulares do período evolutivo correspondente á etapa. Consideracións a ter presentes na clase de Educación Física.

TEMA 28. A flexibilidade como capacidade física básica. Consideracións teóricas. Tipos da flexibilidade. Tratamento e criterios para o deseño de tarefas para o seu desenvolvemento no marco escolar.

TEMA 29. O sistema óseo-articular. Estrutura e funcións. Características particulares do período evolutivo correspondente á etapa. Consideracións a ter presentes na clase de Educación Física.

TEMA 30. A axilidade como capacidade resultante. Tratamento e criterios para o deseño de tarefas para o seu desenvolvemento no marco escolar. Aspectos fisiolóxicos implicados.

TEMA 31. As calidades motrices: concepto e clasificación. A coordinación e o equilibrio como aspectos cualitativos do movemento. Métodos e sistemas para o seu desenvolvemento. Evolución no desenvolvemento motor dos alumnos e as alumnas de Educación Secundaria.

TEMA 32. As habilidades básicas. Concepto, clasificación e análise. Evolución no desenvolvemento motor dos alumnos e as alumnas de Educación Secundaria. Función no currículo de Educación Física para a Educación Secundaria.

TEMA 33. A respiración como contido na Educación Secundaria. Bases psico-fisiolóxicas. Mecánica da respiración e fases ou tipos da mesma. Influencia dos ritmos respiratorios na actividade física. Deseño de actividades e localización das mesmas para o seu tratamento no contexto escolar.

TEMA 34. A relaxación como contido específico na Educación Secundaria. Análise de técnicas: aspectos psico-fisiolóxicos implicados, valor educativo das mesmas e directrices para o seu tratamento no marco escolar.

TEMA 35. O deporte como fenómeno social e cultural. Concepto e tratamento pedagóxico: características para converterse en feito educativo.

TEMA 36. A aprendizaxe deportiva no marco escolar. Características. Modelos de ensino: fases no seu ensino e aprendizaxe.

TEMA 37. Os deportes individuais. Aspectos técnicos, tácticos e regulamentarios. Exemplificacións sobre algúns deportes.

TEMA 38. Os deportes individuais como contido de ensino no currículo da área. Intencións educativas e de aprendizaxe, posibles adaptacións e orientacións para o seu tratamento didáctico.

TEMA 39. Os deportes de adversario. Aspectos técnicos, tácticos e regulamentarios. Exemplificacións sobre algúns deportes.

TEMA 40. Os deportes de adversario como contido de ensino no currículo da área. Intencións educativas e de aprendizaxe, posibles adaptacións e orientacións para o seu tratamento didáctico.

TEMA 41. Os deportes colectivos. Aspectos técnicos, tácticos e regulamentarios. Exemplificacións sobre algúns deportes.

TEMA 42. Os deportes colectivos como contido de ensino no currículo da área. Intencións educativas e de aprendizaxe, posibles adaptacións e orientacións para o seu tratamento didáctico.

TEMA 43. Recreación e tempo libre: concepto e evolución. Os xogos deportivo-recreativos: aspectos educativos dos mesmos e a súa contribución ao currículo da Educación Física.

TEMA 44. Os xogos e deportes tradicionais e populares: conceptos e clasificacións. Valor cultural e educativo dos mesmos.

TEMA 45. O xogo: teorías e características do mesmo. O xogo como actividade física organizada. Estratexias do xogo. O xogo como contido da Educación Física e como recurso didáctico. Os xogos modificados.

TEMA 46. O corpo e o movemento como elementos de expresión e comunicación. Elementos fundamentais da expresión: o uso técnico e significado da intensidade, tempo e espazo dos movementos. Trazos característicos das manifestacións expresivas corporais e o seu valor educativo.

TEMA 47. A danza como manifestación expresiva e de comunicación. Evolución da danza. Danza tradicional. Danza moderna. Posibles adaptacións ao contexto escolar.

TEMA 48. Actividades físicas con soporte musical. Características. A música como elemento condicionante e facilitador do movemento. Novas tendencias.

TEMA 49. A dramatización: a linguaxe do xesto e a postura. Técnicas básicas. Posibles adaptacións ao contexto escolar.

TEMA 50. Actividades no medio natural. Tipos, clasificacións e recursos. Organización de actividades físicas na natureza.

TEMA 51. Os itinerarios no medio natural (a pé e a bicicleta): tipos, características e recursos. Os itinerarios no medio natural na clase de Educación Física. Organización, planificación e aspectos preventivos.

TEMA 52. A orientación no medio natural. Conceptos e recursos para a orientación. Orientación e actividade física: xogos e actividades de orientación.

TEMA 53. Nutrición e actividade física. Metabolismo basal e calorías. Tipos de actividade física e gasto enerxético. A dieta equilibrada: aspectos cuantitativos e cualitativos da dieta.

TEMA 54. Aspectos preventivos na práctica de actividade física e actuación en accidentes deportivos. Lesións máis frecuentes relacionadas co sistema locomotor: primeiros auxilios.

TEMA 55. A postura corporal e as súas patoloxías: implicacións no desenvolvemento do adolescente. Prevención e tratamento no marco escolar.

TEMA 56. Saúde e actividade física. Efectos positivos e contraindicacións da actividade física na saúde e calidade de vida.

TEMA 57. Hábitos prexudiciais para a saúde (tabaco, alcol, drogas, falta de descanso e dietas equilibradas): principais causas e efectos. A dopaxe deportiva e os seus efectos sobre a saúde. Actuacións para a prevención de hábitos e prácticas prexudiciais para a saúde desde o contexto escolar.

TEMA 58. A aprendizaxe motora: evolución histórica e fundamentación teórica das actuais concepcións. Modelos teóricos explicativos da aprendizaxe motora.

TEMA 59. A aprendizaxe motora: fases da adquisición motriz e factores que inflúen na aprendizaxe motora. A transferencia e a aprendizaxe motora.

TEMA 60. O modelo de procesamento da información: a percepción, decisión, execución e control do movemento. Repercusións no proceso de ensino e aprendizaxe.

TEMA 61. Control do movemento e retroalimentación: o coñecemento dos resultados. Tipos e características do coñecemento dos resultados. Valor do coñecemento dos resultados na aprendizaxe motora.

TEMA 62. Habilidade e tarefas motrices: conceptos, clasificacións e análises dos aspectos fundamentais para o seu ensino e aprendizaxe.

TEMA 63. Métodos e estratexias de ensino en Educación Física. Tendencias e clasificacións. Utilización segundo a análise das tarefas de aprendizaxe e as características dos alumnos e das alumnas.

TEMA 64. O ensino e aprendizaxe baseados na recepción: a reprodución de modelos. Papel do profesor e do alumno neste enfoque do ensino e a aprendizaxe.

TEMA 65. O ensino e aprendizaxe baseados no descubrimento. A resolución de problemas e o descubrimento guiado. Papel do profesor e do alumno neste enfoque do ensino e a aprendizaxe.

TEMA 66. A sesión de Educación física. Organización e xestión da sesión de Educación Física: estrutura e modelos. A distribución e aproveitamento do tempo. Selección e adecuación dos espazos e recursos materiais. Control da actividade e toma de decisións do docente.

TEMA 67. As instalacións para a Educación Física e o seu equipamento. Conceptos básicos. Organización e normas para o seu uso. A autoconstrución de materiais útiles para a actividade física.

TEMA 68. A investigación en Educación Física. Paradigmas cuantitativos e cualitativos de investigación. A investigación acción na Educación Física.

TEMA 69. A avaliación das capacidades físicas. Técnicas, instrumentos e rexistro dos datos. As probas de capacidade física: usos e valor formativo.

TEMA 70. A avaliación das calidades motrices (capacidades coordinativas). Técnicas, instrumentos e rexistro dos datos. As probas de capacidade motriz: usos e valor formativo.

TEMA 71. O municipio e a práctica de actividades físicas. Recursos materiais e humanos. Implicacións no currículo da Educación Física escolar.

TEMA 72. Organización e xestión de eventos deportivos e recreativos. Estrutura organizativa: sistema de competición, regulamento, recursos humanos, actos protocolarios, documentación e difusión.

IV.- BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO SELECTIVO DE INGRESO AO CORPO DE PROFESOR/A DE ENSINO SECUNDARIO, ESPECIALIDADE FRANCÉS, IES RAFAEL PUGA RAMÓN .

FUNCIONARIO DE CARREIRA

	CÓDIGO POSTO	GRUPO/SUBGRUPO	CLASIFICACIÓN	PAZAS	DENOMINACIÓN	ADSCRICIÓN
1.1.21.10 1.1.21.29	1.1.56.10 1.1.56.9	A/A1	Escala de administración especial. Subescala técnica. Clase de técnicos superiores	2	Profesor/a de secundaria, Especialidade Francés	IES Rafael Puga Ramón

1.- REQUISITOS DOS CANDIDATOS/AS:

A) Estar en posesión do título de:

Licenciado/a en:

- Filoloxía Francesa

- Tradución e Interpretación Lingüística (primeiro idioma francés)

- Lingüística, sempre que se cursase francés como primeira lingua estranxeira.

Títulos de grao correspondentes.

B) Estar en posesión da formación pedagóxica e didáctica a que se refire o artigo 100.2º da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Con carácter xeral, reunirán este requisito os que estean en posesión do título oficial de máster universitario que habilite para o exercicio das profesións de profesor de ensinanza secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional ou escolas oficiais de idiomas.

A especialidade que conste no citado título facultará para a presentación do persoal aspirante en calquera especialidade.

Estará dispensado da posesión do citado título o persoal aspirante que acredite ter, con anterioridade ao 1 de outubro de 2009, algún dos seguintes requisitos:

- Estar en posesión do título profesional de especialización didáctica, do certificado de aptitude pedagóxica ou do certificado de cualificación pedagóxica.

- Estar en posesión do título de mestre/a, diplomado/a en profesorado de educación xeral básica, mestre/a de ensino primario, licenciado/a en Pedagogía ou en Psicopedagogía.

Así mesmo, tamén estarán exentos os/as que estivesen cursando algunha das tres anteriores titulacións e tivesen cursado 180 créditos destas na citada data do 1 de outubro de 2009.

- Ter impartido docencia durante dous cursos académicos completos ou, na súa falta, durante 12 meses exercidos en períodos continuos ou descontinuos, en centros públicos ou privados debidamente autorizados, nas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria, ou de bacharelato, ou de formación profesional, conforme o previsto na disposición transitoria cuarta do Real decreto 1834/2008, do 8 de novembro.

2.- SISTEMAS DE SELECCIÓN:

O sistema de selección para esta praza é o concurso-oposición.

2.1-FASE DE CONCURSO

Os méritos da fase de concurso estarán orientados a avaliar a carreira profesional das persoas candidatas e as súas capacidades e aptitudes para cumprir coas funcións propias do corpo e escala de destino.

A cualificación da fase de concurso, aplicarase unicamente aos candidatos/as que superasen a fase da oposición. O tribunal avaliará os méritos que concorran en cada un dos/das aspirantes, referidos á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Para estes efectos, os/as aspirantes deberán xuntar á instancia cantos documentos estimen oportunos. A documentación presentarse en copia simple, debendo presentar os orixinais, antes do nomeamento.

Valorarase ata un máximo de 10 puntos, segundo o seguinte baremo:

A) Servizos prestados.

Valorarase a experiencia docente nun máximo de dez anos e ata un máximo de 7 puntos:

-0,700 puntos por cada ano, de experiencia docente na mesma especialidade do mesmo corpo a que opta o/a aspirante en centros públicos.

-0,350 puntos por cada ano, de experiencia docente na mesma especialidade de distintos corpos ao que opta o/a aspirante en centros públicos.

-0,150 puntos por cada ano, de experiencia docente na mesma especialidade do mesmo nivel ou etapa educativa do corpo a que opta o/a aspirante en outros centros.

-0,100 puntos por cada ano de experiencia docente na mesma especialidade de distinto nivel ou etapa educativa que o corpo a que opta o/a aspirante en outros centros.

Cada mes que exceda do ano, valorarase de xeito proporcional á valoración asignada a cada ano

B) Formación académica:

Valorarase ata máximo de 1 punto:

-0,50 puntos polo certificado-diploma acreditativo de estudos avanzados, título oficial de máster, suficiencia investigadora ou calquera outro equivalente e que non sexa requisito para o ingreso na función pública docente.

-0,50 puntos por posuír o título de doutor/a

C) Outros méritos

Incluíranse aqueles cursos outorgados pola administración pública ou homologados que capaciten ao candidato/a para o desenvolvemento das funcións propias do posto docente, e o coñecemento da lingua galega ata un máximo de 2 puntos, segundo o seguinte baremo:

-Cursos de formación:

Máis de 100 horas;	0,75 puntos
De máis de 70 a 100 horas:	0,50 puntos
De máis de 40 a 70 horas:	0,35 puntos
De 15 a 40 horas:	0,20 puntos
Menos de 15 horas ou non figuran:	0,10 puntos

Non se puntuarán as xornadas, congresos ou similares.

-Coñecemento da lingua galega:

Título de linguaxe administrativo superior:	0,35 puntos
Título de linguaxe administrativa media:	0,30 puntos
Celga 5:	0,25 puntos

En caso de estar en posesión de distintas titulacións, valorarase unicamente o nivel mais alto de formación

A publicación da puntuación obtida na fase de concurso realizarase con anterioridade á celebración do primeiro exercicio da fase de oposición.

En ningún caso a puntuación obtida na fase de concurso poderá aplicarse para superar os exercicios da fase de oposición.

2.2- FASE DE OPOSICIÓN

Constará de dous exercicios e a cualificación desta fase será a suma das puntuacións obtidas nos dous exercicios sempre e cando ambos os dous se superen

A) Primeiro exercicio.- Obrigatorio e eliminatorio, constará de dúas partes

Valorarase globalmente de 0 a 10 puntos e o/a aspirante deberá conseguir un mínimo de 5 puntos para superalo.

1ª Parte:

Valorarase de 0 a 5 puntos

O exame entregarase en galego agás que o/a opositor/a faga constar na instancia, na casilla correspondente, que se lle facilite en castelán

Consistirá en resolver no tempo máximo dunha hora, un cuestionario tipo test con 40 preguntas e tres respostas alternativas cada unha, sendo só unha delas correcta, e 5 preguntas de reserva, que soamente se corruxirán si se anula algunha pregunta, sobre as materias do programa que figura no anexo (parte xeral), elaborado polo tribunal inmediatamente antes do comezo da proba.

Cada pregunta correcta puntuará 0,125 puntos, cada pregunta incorrecta descontará 0,062 puntos e cada pregunta en branco descontará 0,030 puntos.

2ª Parte:

Valorarase de 0 a 5 puntos.

A puntuación obtida polos/as aspirantes será a media aritmética das cualificacións outorgadas por cada membro do tribunal.

Consistirá na valoración por parte do tribunal, dunha unidade didáctica, relativa á praza á que se concursa, que deberá ser elaborada polo/a aspirante e presentada no rexistro da Deputación Provincial da Coruña, 15 días antes de comezar os exames.

A unidade non poderá conter ningún dato persoal como nome, apelidos, DNI ou calquera outro que permita a identificación do aspirante, nin estará asinada en ningunha das follas que a compoñen, quedando excluídas de valoración aquelas que non cumpran estes requisitos.

Redactarase en idioma francés, por unha soa cara, enumerada a dobre espazo interlineal, con letra tipo arial, sen comprimir tamaño 12 puntos, e a súa extensión será como mínimo de 50 folios e como máximo de 80.

Os aspirantes escollerán de entre os contidos que figuran no temario do anexo, aqueles que consideran axeitados para elaborar unha unidade estruturada, coherente e apropiada para o nivel e idade do alumnado ao que vai dirixida, non tendo que aterse se o desexa aos contidos dun único bloque.

A unidade conterá un mínimo de 10 sesións didácticas que aparecerán numeradas no índice e cada unha delas estará prevista para ser desenvolvida nunha clase de 50 minutos.

A estrutura da unidade conterá polo menos os seguintes aspectos:

a) Descrición:

Neste apartado xustificárase a elección da unidade describindo o eixe en torno ao cal se vai organizar, os logros educativos que se queren alcanzar e o curso ou ciclo formativo ao que vai dirixida. Igualmente farase referencia á súa vinculación co deseño curricular da ESO, bacharelato ou ciclo formativo correspondente e co bloque ou bloques de contido dos que forma parte. Así mesmo, sinalarase a súa conexión con outras unidades didácticas ou con outras materias da relación de méritos e cantos outros factores puidesen incidir no seu desenvolvemento.

b) Obxectivos

Relación de obxectivos xerais e específicos expresados en termos de capacidade.

c) Contidos

Relación de contidos que se traballan ao longo da unidade.

d) Actividades

Secuenciación e descrición de cada unha das actividades propostas, indicando a metodoloxía a empregar e a súa temporalización.

e) Estándares e resultado de aprendizaxes avaliábeis.

Son concrecións dos propios criterios de avaliación.

f) Competencias clave.

Aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego.

g) Recursos

Materiais didácticos, espazos, recursos humanos ou tecnolóxicos necesarios para levar á práctica a unidade.

h) Atención á diversidade

Previsión de actuacións concretas que permitan adecuar a unidade á diversidade de competencias e intereses do alumnado.

i) Mínimos esixíbeis.

O mínimo esixíbeis para obter unha valoración positiva da unidade.

j) Avaliación

Criterios, procedementos e instrumentos que se utilizarán, ao longo da posta en práctica da unidade didáctica, para a valoración da aprendizaxe do alumnado da práctica docente e da propia unidade didáctica.

B) Segundo exercicio.- Obrigatorio e eliminatorio

Valorarase globalmente de 0 a 5 puntos e o/a aspirante deberá conseguir un mínimo de 2,5 puntos para superalo.

A puntuación obtida polos/as aspirantes será a media aritmética das cualificacións outorgadas por cada membro do tribunal.

A proba desenvolverase en idioma francés, e consistirá na presentación diante do tribunal, da unidade didáctica da persoa candidata, e na exposición oral, dunha das sesións didácticas que integran a dita unidade, a elección do tribunal.

O/a aspirante disporá de 30 minutos para organizar a súa exposición e confeccionar, se o desexa, un guiión que non exceda dun folio e que deberá entregar ao tribunal ao finalizar.

O/a aspirante poderá utilizar na súa exposición o material auxiliar que estime oportuno e que este achegue.

Na exposición o/a candidato/a comezará presentado a unidade didáctica, para o que disporá dun tempo máximo de 15 minutos. A continuación exporá a sesión escollida polo tribunal, por un tempo máximo de 50 minutos.

Ao finalizar a exposición, o tribunal poderá pedir as aclaracións que estime oportunas.

C) Proba de acreditación de coñecemento da lingua galega

De carácter obrigatorio para todos os/as aspirantes, excepto aqueles que teñan acreditado o curso de perfeccionamento ou CELGA 4 de galego, os/as cales estarán exentos de realizar o exercicio,

Consistirá na tradución nun tempo máximo dunha hora dun texto de castelán a galego e outro de galego a castelán a proposta do Tribunal. Este exercicio será cualificado como apto ou non apto.

Para os efectos de ser eximidos da realización deste exercicio, os/as aspirantes deberán de acompañar os documentos relativos á realización do curso de galego ou equivalente.

3.-CUALIFICACIÓN DEFINITIVA

Será a suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e oposición.

En caso de empate resolverase atendendo aos seguintes criterios

- a) Maior puntuación na fase de oposición
- b) Maior puntuación en cada un dos exercicios, pola orden na que estes aparecen na convocatoria.
- c) Maior puntuación na fase de concurso
- d) Maior puntuación nos epígrafes do baremo de méritos pola orden na que aparecen na convocatoria.
- e) En caso de que persista o empate, dirimirase a través da realización dunha proba por escrito sobre cuestións breves referentes ao temario da especialidade.

De ser o caso o persoal aspirante será convocado para esta proba polo tribunal cunha antelación mínima de 48 horas

ANEXO

PROGRAMA PARA PROFESOR/A DE ENSINO SECUNDARIO, ESPECIALIDADE FRANCÉS

PARTE XERAL

TEMA 1.- A Constitución española de 1978. Especial referencia aos dereitos fundamentais e liberdades públicas. A organización territorial do Estado na Constitución: ideas xerais da administración central, autonómica e local. O estatuto de autonomía de Galicia. Estrutura e contido. Especial referencia ao goberno da Comunidade Autónoma

TEMA 2.- Réxime local español: clases de entidades locais. Organización provincial e competencias das provincias. Lei 3/1983, de normalización lingüística de Galicia e Ordenanza do uso da lingua galega na Deputación da Coruña (BOP 186, do 29 de setembro de 2017). Uso oficial do galego.

TEMA 3.- Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Disposicións xerais. Principios de protección. Garantía dos dereitos dixitais. Decreto 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. Integración transversal do principio de igualdade nas actuacións da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

TEMA 4.- Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do emprego público: concepto e clases de empregados públicos. Dereitos e deberes. Código de conduta dos empregados públicos.

TEMA 5.- Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do emprego público: dereito á carreira profesional e á promoción interna. A avaliación do desempeño.

TEMA 6.- Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do emprego público: dereitos retributivos. Acceso ao emprego público e adquisición da relación de servizo.

Tema 7. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Da actividade das administracións públicas: normas xerais de actuación; termos e prazos.

Tema 8. Lei 39/2015. Dos actos administrativos: requisitos dos actos administrativos, eficacia dos actos, nulidade e anulabilidade.

Tema 9. Lei 39/2015. Das disposicións sobre o procedemento administrativo común: garantías do procedemento; iniciación do procedemento; ordenación do procedemento; instrución do procedemento; finalización do procedemento.

Tema 10. Lei 39/2015. Da revisión dos actos na vía administrativa: revisión de oficio; recursos administrativos.

Tema 11. Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. Disposicións xerais, principios de actuación e funcionamento do sector público: disposicións xerais; dos órganos das administracións públicas.

Tema 12. Lei 40/2015. Principios da potestade sancionadora. Da responsabilidade patrimonial das administracións públicas; funcionamento electrónico do sector público

TEMA.13- Réxime de funcionamento das entidades locais. Información e participación cidadás. Estatuto dos membros das corporacións locais.

TEMA 14.- Orzamentos xerais das corporacións locais: definición. Ámbito temporal. Contido do orzamento xeral. Anexos ao orzamento xeral. Estrutura dos estados de ingresos e gastos. Elaboración e aprobación.

TEMA 15.- Especialidade e limitación dos créditos. Temporalidade dos créditos. Modificación dos créditos: clases e tramitación.

TEMA 16.- A xestión tributaria: tributos provinciais, propios e delegados. Competencias do Pleno da Deputación en materia de xestión tributaria e competencias do Presidente na ordenanza fiscal xeral da Deputación da Coruña.

TEMA 17.-. Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do sector público. Partes no contrato: órganos de contratación. Capacidade e solvencia do empresario. Obxecto, prezo e contía do contrato. Revisión de prezos nos contratos das administracións públicas. Garantías esixibles na contratación do sector público. Preparación dos contratos: expediente de contratación. Pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas. Adjudicación dos contratos das administracións públicas: normas xerais. Publicidade. Licitación. Selección do adjudicatario.

TEMA 18.- A Unión Europea: Competencias e funcionamento. Participación dos entes territoriais non estatais no proceso decisorio.

PARTE ESPECÍFICA:

TEMA 1.- Evolución didáctica das linguas. Tendencias actuais na didáctica do francés lingua estranxeira. Os enfoques comunicativos

TEMA 2.- Teorías xerais sobre a aprendizaxe e a adquisición dunha lingua estranxeira. O concepto da interlingua. O tratamento do erro.

TEMA 3.- Teorías lingüísticas actuais. A súa aportación ao coñecemento da comunicación.

TEMA 4.- Linguaxe e comunicación. Sistemas de comunicación lingüística e non lingüística.

TEMA 5.- O proceso da comunicación: Situación de comunicación. A lingua en uso. A negociación do significado.

TEMA 6.- A competencia comunicativa. Análise dos seus compoñentes.

TEMA 7.- A comunicación oral. Elementos e normas que rexen ao discurso oral. Rutinas e fórmulas habituais. Estratexias propias da comunicación oral.

TEMA 8.- A comunicación escrita. Distintos tipos de textos escritos. Estructuras e elementos formais. Normas que rexen o texto escrito. Rutinas e fórmulas.

TEMA 9.- Sistema fonolóxico da lingua francesa (1): As vogais, semivogais e consonantes. Comparación co sistema fonolóxico da lingua ou linguas oficiais da correspondente Comunidade Autónoma.

TEMA 10.- Sistema fonolóxico da lingua francesa (2): Acento, ritmo e entonación. Comparación co sistema fonolóxico da lingua ou linguas oficiais da correspondente Comunidade Autónoma.

TEMA 11.- Sistema fonolóxico e norma ortográfica.

TEMA 12.- O léxico francés: Estructura e formación das palabras. Préstamos.

TEMA 13.- A palabra como signo lingüístico. Homonimia. Sinonimia. Antonimia. “Lex faus amis”. Creatividade léxica.

TEMA 14.- Concepto de gramática: Reflexión sobre a lingua e a súa aprendizaxe. Da gramática normativa á gramática en función do uso da lingua e da comunicación.

TEMA 15.- O discurso: Modalidades de enunciación.

TEMA 16.- A expresión da aserción e a obxección.

- TEMA 17.- Expresión da cantidade, a cualidade e o grao.
- TEMA 18.- A localización no espazo.
- TEMA 19.- A localización no tempo.
- TEMA 20.- Expresión do modo, os medios e o instrumento.
- TEMA 21.- Expresión da opinión, o desexo e o gusto.
- TEMA 22.- Expresión da dúbida, a hipótese e o contraste.
- TEMA 23.- Expresión da causa, consecuencia e a finalidade.
- TEMA 24.- Expresión da simultaneidade, a posterioridade e a anterioridade.
- TEMA 25.- Conceptualización e articulación do discurso.
- TEMA 26.- Macrofuncións lingüísticas para expresar as intencións comunicativas mais habituais: entablar e manter relacións sociais, dar e pedir información sobre obxectos, persoas e accións, expresar actitudes intelectuais e emocionais.
- TEMA 27.- Progresión e cohesión textual. Procedementos de tematización e focalización. A transformación pasiva.
- TEMA 28.- Coherencia textual. Procedementos de tematización e focalización. A transformación pasiva.
- TEMA 29.- Discurso directo, discurso indirecto.
- TEMA 30.- Texto e contexto. Tipos de texto. Clasificación textual.
- TEMA 31.- O texto narrativo. Estructura e características.
- TEMA 32.- O texto descritivo. Estructura e características.
- TEMA 33.- O texto explicativo. Estructura e características.
- TEMA 34.- O texto argumentativo. Estructura e características.
- TEMA 35.- Os textos dialóxicos. Estructura e características.
- TEMA 36.- A linguaxe literaria. Os xéneros literarios. A crítica literaria.
- TEMA 37.- O francés científico e tecnolóxico, comercial e administrativo.
- TEMA 38.- Estratexias de análise do texto.
- TEMA 39.- Estratexias de comunicación: Definición e tipoloxía.
- TEMA 40.- Elementos constitutivos da nación francesa. Principais etapas da historia de Francia ata finais do século XV: A sociedade e a cultura medievais en Francia.
- TEMA 41.- A prosa e a poesía francesa no século XVI. Relacións entre as manifestacións literarias e os rasgos xerais da época histórica de produción dos mesmos.
- TEMA 42.- Evolución da sociedade e a cultura francesas na idade moderna. Renacemento. Racionalismo. Ilustración.
- TEMA 43.- O teatro no século XVII. Marco estrutural da sociedade francesa no que este se produce. Selección de textos.
- TEMA 44.- Francia de Francisco I a Luis XVI. A construción da monarquía absoluta e a loita pola hexemonía europea. Manifestacións literarias en torno ao teatro, humor e picaresca.
- TEMA 45.- A prosa filosófica e os pensadores políticos no século XVIII en Francia. A súa repercusión nos cambios ideolóxicos da época dentro e fora de Francia. A enciclopedia.
- TEMA 46.- A crise do antigo réxime. A Revolución francesa. A súa influencia exterior e as repercusións na organización social e política da Francia contemporánea.
- TEMA 47.- Francia e Europa durante a etapa napoleónica. A restauración borbónica e a Monarquía liberal de Luis Felipe.
- TEMA 48.- As artes plásticas na época do Neoclasicismo.
- TEMA 49.- As revolucións de 1848; a Segunda República. Francia durante o segundo imperio.
- TEMA 50.- O Romanticismo: manifestacións artísticas e literarias.
- TEMA 51.- A novela francesa no século XIX. Evolución e tendencias. Estudo dunha obra representativa.
- TEMA 52.- Do Palacio de Versalles á pirámide do Louvre: A arquitectura francesa e a súa influencia exterior dende o século XVII ata o presente.
- TEMA 53.- A Francia da Terceira República ata 1914: organización política, evolución social, desenvolvemento educativo e cultural.

TEMA 54.- O Impresionismo e a súas derivacións.

TEMA 55.- Repercusións da primeira guerra mundial. A democracia francesa no período de entreguerras. A experiencia do Fronte Popular.

TEMA 56.- O Surrealismo: manifestacións literarias e artísticas.

TEMA 57.- Francia durante a segunda guerra mundial: ocupación, colaboración, resistencia. O estado francés de Vichy. O impacto da guerra na cultura francesa.

TEMA 58.- A Cuarta República francesa e o desenvolvemento económico de posguerra. O existencialismo e as súas derivacións sociais.

TEMA 59.- A crisis de Argelia e o nacemento da Quinta República.

TEMA 60.- A Francia da Quinta República: continuidades e cambios políticos. As transformacións sociais e culturais. Presenza de Francia na Comunidade Europea.

TEMA 61.- A francofonía (1): Diversidade de comunidades de lingua francesa. Rexistro e ámbitos de uso.

TEMA 62.- A francofonía (2): Situación xeográfica e económica dos distintos países que a compoñen. A huella cultural de Francia. O espacio francés: Córcega e os departamentos de ultramar.

TEMA 63.- A francofonía (3): Situación político administrativa dos distintos países. As institucións políticas francesas. Os sistemas educativos nos países francófonos mais representativos.

TEMA 64.- Autoras de lingua francesa mais representativas do século XX. Contexto social da súa produción literaria.

TEMA 65.- Novos rumbos do teatro francés no século XX. Selección de textos e análise dunha obra significativa.

TEMA 66.- A poesía actual na lingua francesa. Selección de textos e análise dunha obra significativa.

TEMA 67.- O conto e a novela actual en lingua francesa. Selección de textos e análise dunha obra significativa.

TEMA 68.- Os medios de comunicación en lingua francesa (1): Radio e televisión.

TEMA 69.- Os medios de comunicación en lingua francesa (2): A prensa actual e o xénero periodístico.

TEMA 70.- A publicidade na cultura francófona. Aspectos lingüísticos y semiolóxicos.

TEMA 71.- A cultura e o cómic na cultura francófona. Evolución e tendencia destes medios de expresión.

TEMA 72.- A canción como vehículo poético e como creación literaria na cultura francófona. Evolución e tendencias deste medio de expresión.

V.-BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO SELECTIVO DE INGRESO AO CORPO DE PROFESOR/A DE ENSINO SECUNDARIO, ESPECIALIDADE INGLÉS, IES RAFAEL PUGA RAMÓN.

FUNCIONARIO DE CARREIRA

CODIGO PRAZA	CÓDIGO POSTO	GRUPO/SUBGRUPO	CLASIFICACIÓN	PAZAS	DENOMINACIÓN	ADSCRICIÓN
1.1.21.16	1.1.56.16	A/A1	Escala de administración especial. Subescala técnica. Clase de técnicos superiores	1	Profesor/a de secundaria, Especialidade Inglés	IES Rafael Puga Ramón

1.- REQUISITOS DOS CANDIDATOS/AS:

A) Estar en posesión do título de:

Licenciado/a en:

- Filoloxía Inglesa

- Tradución e Interpretación Lingüística (primeiro idioma inglés)

- Luinguística, sempre que se cursase inglés como primeira lingua estranxeira.

Títulos de grao correspondentes.

B) Estar en posesión da formación pedagóxica e didáctica a que se refire o artigo 100.2º da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Con carácter xeral, reunirán este requisito os que estean en posesión do título oficial de máster universitario que habilita para o exercicio das profesións de profesor de ensinanza secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional ou escolas oficiais de idiomas.

A especialidade que conste no citado título facultará para a presentación do persoal aspirante en calquera especialidade.

Estará dispensado da posesión do citado título o persoal aspirante que acredite ter, con anterioridade ao 1 de outubro de 2009, algún dos seguintes requisitos:

– Estar en posesión do título profesional de especialización didáctica, do certificado de aptitude pedagóxica ou do certificado de cualificación pedagóxica.

– Estar en posesión do título de mestre/a, diplomado/a en profesorado de educación xeral básica, mestre/a de ensino primario, licenciado/a en Pedagogía ou en Psicopedagogía.

Así mesmo, tamén estarán exentos os/as que estivesen cursando algunha das tres anteriores titulacións e tivesen cursado 180 créditos destas na citada data do 1 de outubro de 2009.

– Ter impartido docencia durante dous cursos académicos completos ou, na súa falta, durante 12 meses exercidos en períodos continuos ou descontinuos, en centros públicos ou privados debidamente autorizados, nas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria, ou de bacharelato, ou de formación profesional, conforme o previsto na disposición transitoria cuarta do Real decreto 1834/2008, do 8 de novembro.

2.- SISTEMAS DE SELECCIÓN:

O sistema de selección para esta praza é o concurso-oposición.

2.1-FASE DE CONCURSO

Os méritos da fase de concurso estarán orientados a avaliar a carreira profesional das persoas candidatas e as súas capacidades e aptitudes para cumprir coas funcións propias do corpo e escala de destino.

A cualificación da fase de concurso, aplicarase unicamente aos candidatos/as que superasen a fase da oposición. O tribunal avaliará os méritos que concorran en cada un dos/das aspirantes, referidos á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Para estes efectos, os/as aspirantes deberán xuntar á instancia cantos documentos estimen oportunos. A documentación presentarse en copia simple, debendo presentar os orixinais, antes do nomeamento.

Valorarase ata un máximo de 10 puntos, segundo o seguinte baremo:

A) Servizos prestados.

Valorarase a experiencia docente nun máximo de dez anos e ata un máximo de 7 puntos:

-0,700 puntos por cada ano, de experiencia docente na mesma especialidade do mesmo corpo a que opta o/a aspirante en centros públicos.

-0,350 puntos por cada ano, de experiencia docente na mesma especialidade de distintos corpos ao que opta o/a aspirante en centros públicos.

-0,150 puntos por cada ano, de experiencia docente na mesma especialidade do mesmo nivel ou etapa educativa do corpo a que opta o/a aspirante en outros centros.

-0,100 puntos por cada ano de experiencia docente na mesma especialidade de distinto nivel ou etapa educativa que o corpo a que opta o/a aspirante en outros centros.

Cada mes que exceda do ano, valorarase de xeito proporcional á valoración asignada a cada ano

B) Formación académica:

Valorarase ata máximo de 1 punto:

-0,50 puntos polo certificado-diploma acreditativo de estudos avanzados, título oficial de máster, suficiencia investigadora ou calquera outro equivalente e que non sexa requisito para o ingreso na función pública docente.

-0,50 puntos por posuír o título de doutor/a

C) Outros méritos

Incluíranse aqueles cursos outorgados pola administración pública ou homologados que capaciten ao candidato/a para o desenvolvemento das funcións propias do posto docente, e o coñecemento da lingua galega ata un máximo de 2 puntos, segundo o seguinte baremo:

-Cursos de formación:

Máis de 100 horas;	0,75 puntos
De máis de 70 a 100 horas:	0,50 puntos
De máis de 40 a 70 horas:	0,35 puntos
De 15 a 40 horas:	0,20 puntos
Menos de 15 horas ou non figuran:	0,10 puntos

Non se puntuarán as xornadas, congresos ou similares.

-Coñecemento da lingua galega:

Título de linguaxe administrativo superior:	0,35 puntos
Título de linguaxe administrativa media:	0,30 puntos
Celga 5:	0,25 puntos

En caso de estar en posesión de distintas titulacións, valorarase unicamente o nivel mais alto de formación

A publicación da puntuación obtida na fase de concurso realizarase con anterioridade á celebración do primeiro exercicio da fase de oposición.

En ningún caso a puntuación obtida na fase de concurso poderá aplicarse para superar os exercicios da fase de oposición.

2.2- FASE DE OPOSICIÓN

Constará de dous exercicios e a cualificación desta fase será a suma das puntuacións obtidas nos dous exercicios sempre e cando ambos os dous se superen

A) Primeiro exercicio.- Obrigatorio e eliminatorio, constará de dúas partes

Valorarase globalmente de 0 a 10 puntos e o/a aspirante deberá conseguir un mínimo de 5 puntos para superalo.

1ª Parte:

Valorarase de 0 a 5 puntos

O exame entregarase en galego agás que o/a opositor/a faga constar na instancia, na casilla correspondente, que se lle facilite en castelán

Consistirá en resolver no tempo máximo dunha hora, un cuestionario tipo test con 40 preguntas e tres respostas alternativas cada unha, sendo só unha delas correcta, e 5 preguntas de reserva, que soamente se corruxirán si se anula algunha pregunta, sobre as materias do programa que figura no anexo (parte xeral), elaborado polo tribunal inmediatamente antes do comezo da proba.

